



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES XESÚS TABOADA CHIVITE**

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070 FAX 988685078

ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboadachivite.org

## **INFORMACIÓN DO **RESTABLECIMENTO** DO PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO CURSO 2020-21**

a) A [Resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia \(Cecop\), do 5 de maio de 2020](#) que, no ámbito educativo, estableceu entre outros, os seguintes acordos:

- Restablecerase o prazo para a presentación das solicitudes de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, polo tempo que restaba cando se declarou o estado de alarma, de xeito que **comezará o día 11 de maio de 2020 e rematará o día 18 do mesmo mes.**
- prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados será, se fose o caso, **ata o día 26 de maio.**
- **Antes do 9 de xuño**, publicaranse, no taboleiro de anuncios e na páxina web, as listaxes provisionais de alumnos admitidos e excluídos, que poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de tres días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación (**do 10 ao 12 de xuño**). Unha vez resoltas as reclamacións publicaranse, o día **26 de xuño**, as listaxes definitivas de alumnado admitido ordenadas por puntuación, no taboleiro de anuncios e na páxina web. Esta resolución poderá ser obxecto de recurso de alzada ante a Xefa Territorial do Departamento Provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.

b) A oferta provisional de postos escolares dispoñibles para o curso 2020/2021, descontando os alumnos deste centro e os dos centros adscritos que reservaron praza, é a seguinte:

1º ESO: 40 prazas  
2º ESO: 41 prazas  
3º ESO: 16 prazas  
4º ESO: 23 prazas  
1º BAC: 0 prazas  
2º BAC: 15 prazas



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070 FAX 988685078  
ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboadachivite.org

- c) Só se pode presentar unha única solicitude no centro no que se solicita praza en primeiro lugar. A infracción a esta norma determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.  
O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.  
O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- d) O prazo de matrícula ordinario é do **1 ao 10 de xullo**, e do **1 ao 10 de setembro** para os alumnos que se examinen en setembro.
- e) Este centro ten adscritos ao CEIP Amaro Refojo, CEIP Princesa de España e CPR María Inmaculada, todos eles de Verín, e ao CPI Laureano Prieto de A Gudiña.
- f) A area de influencia do centro é o Concello de Verín e a zona val do Concello de Monterrei (Vilaza, Albarelos, Infesta, Guimarei, A Pousa, Mixos, Estevesiños e Vences). As áreas limítrofes a influencia do centro son os concellos de Laza, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, Oímbra, Cualedro e a zona de montaña do concello de Monterrei.
- g) Este centro ofrece o servizo complementario de transporte escolar gratuito para todo o alumnado da ESO que viva a máis de dous quilómetros, segundo a normativa reguladora que recolle o BOE do 2 de maio de 2001 e o Real Decreto 493/2001 do 27 de abril de 2001.

**Verín, 6 de maio de 2020**